

SIMONE DE BEAUVOIR (París 1908- 1986)

1.- VIDA

Simone de Beauvoir nace en París o 9 de xaneiro de 1908 no seo dunha familia descendente da **aristocracia por parte de pai e da alta burguesía por parte de nai**. Con todo, durante a **Primeira Guerra Mundial a súa familia sofre grandes perdas económicas**. Simone e a súa irmá pequena Hélène de Beauvoir (coñecida co alcume de Poupette: boneca en francés) foron educadas en colexios católicos privados de familias burguesas coma o Cours Désir.

Conclúe a súa formación na **Universidade da Sorbona licenciándose en Letras**, con mención en **Filosofía**, no 1929 cunha **tese sobre Leibniz**. Nesta etapa da súa vida **coñece a Simone Weil e a Jean Paul Sartre**.

Simone Weil morre a idade temperá despois de alistarse nas **brigadas internacionais para loitar contra o fascismo durante a guerra civil española** e unirse posteriormente á **Resistencia francesa fronte a ocupación nazi**. Porén, esta pensadora deixou unha obra filosófica de gran valor. **Beauvoir tamén visita España en 1931**, ano no que se **recoñece ás mulleres o dereito ao voto** (que será posteriormente revogado cando Franco chega ao poder en 1939). **En Francia recoñeceuse só en 1945**.

Inicia unha **relación amorosa aberta con Sartre**, que se imporá como un dos intelectuais máis destacados da súa época, ata a morte deste. **Non casarán nin compartirán teito, e as numerosas relacións que ambos terán con outras persoas serán ocasión de escándalo**. Tamén se lle criticará a Beauvoir que a pesar de loitar toda a vida polo recoñecemento do valor das mulleres, **sempre quedou á sombra do seu compañeiro**. En 1929 ambos aproban as oposicións de Filosofía, el como primeiro, ela como segunda, orde que vai ser o símbolo das súas carreiras intelectuais e da dependencia con respecto a Sartre. **Adicarase ao ensino público, pero é destituída coa acusación de corrupción de menores por ter unha relación cunha alumna de 17 anos**, algo que na época non sería problemático se ela fose un varón.

Durante o período da **Segunda Guerra Mundial**, Beauvoir e Sartre conseguen mudarse a París onde publica a **novela *A invitada*** e **traballa na radio libre Radio Vichy**. Con Sartre, Merleau-Ponty, Raymond Aron e Boris Vian funda a revista existencialista ***Lles Temps Modernes***.

Finalizada a IIª Guerra Mundial publica a súa obra máis importante *O Segundo Sexo*, un dos **ensaos feministas máis influíntes do século XX**. O santo Oficio en 1956 inclúe *o Segundo Sexo*

no índice dos libros prohibidos por **defender o amor libre, o aborto e estar en contra do matrimonio.**

O compromiso social e político de Beauvoir esténdese a outras cuestións, como o **apoio prestado ao movemento de liberación de Alxeria na guerra de independencia (1962).** Con todo, a partir das contestacións do maio do 68 focalízase na **loita pola emancipación das mulleres**, así que en 1970 entra no **MLF (Movemento de Liberación das Mulleres).** No 1972 será unha das 343 mulleres que **asinan o “Manifesto das 343 putas”** no cal rompían publicamente o silencio sobre o **aborto**, afirmando telo practicado, expoñéndose ao risco de verse sometidas a un procedemento penal que prevía mesmo o ingreso ao cárcere. Mulleres recoñecidas como **Beauvoir, Catherine Deneuve ou Marguerite Durás** e moitas mulleres anónimas foron acusadas de exhibicionismo e denigradas socialmente, algunhas perderon a súa familia, o traballo; e todas se arriscaron a ir ao cárcere. **Beauvoir non abortara, pero foi o acto de desobediencia civil máis importante de Francia, que fixo posible catro anos despois a aparición da primeira lei do aborto.**

De 1955 a 1986 viviu en París, onde morreu acompañada da súa filla adoptiva e de Claude Lanzmann. Enterrouse no cementerio de Montparnasse da capital francesa, na división 20, ao lado de Sartre.

2.- OBRAS MÁIS IMPORTANTES

1- *O segundo sexo* (1949) (textos de selectividade: volume I e II) Considerada unha referencia fundamental do pensamento feminista posterior.

2- *Para unha moral da ambigüidade* (1947)

3- *Os mandaríns* (1954)

4- *Unha morte moi doce* (1964)

5- *Memorias dunha xove formal* (1958)

3.- ANTECEDENTES FILOSÓFICOS

O marco filosófico no cal se encadra o pensamento de Beauvoir é o a **filosofía existencialista**, que se nutre das súas **discusións con Sartre**, -a quen ela corrixía a súa produción filosófica- e da lectura de **Kierkegaard e Heidegger.**

Tamén recibe a **influencia de Hegel (dialéctica do amo e do escravo)**, sobre todo no referente á construción da conciencia individual mediante a **relación dialéctica co “outro”**, unha relación desigual entre homes e mulleres establecida cos roles de amo e escravo respectivamente.

O pensamento de Beauvoir é profundamente **orixinal ao fundir os conceptos e as temáticas existencialistas coa defensa dos dereitos das mulleres**.

Os **conceptos básicos da filosofía de Sartre que influirán en Beauvoir** son os de **“proxecto”, “outro”, “transcendencia” e “liberdade”**.

O **ser humano** non é algo dado, é un **“proxecto”** que se realiza a través das **“decisións” (liberdade)** que se van tomando ao longo da vida. Segundo o **existencialismo de Sartre “O home está condenado a ser libre”**. “Condenado, porque non se creou a si mesmo, e con todo, doutra banda, libre, porque unha vez lanzado ao mundo é responsable de todo o que fai”. Con esta frase **Sartre remarca que a existencia humana non é algo dado** unha vez para sempre, senón que **se vai desenvolvendo nunha situación determinada** (o contexto concreto no que vivimos), na medida en que vaíamos **tomando as nosas decisións**. Por tanto, **aírmase o rol crucial e constitutivo -inherente- da “liberdade” na condición humana**, e con ela, a **“responsabilidade”** dos actos que se realizan empregando tal liberdade.

Outros **conceptos característico do pensamento de Sartre** (anque **tomados de Hegel**) é a distinción ontolóxica entre **ser-en-si** e **ser-para-si**.

A) O **ser-en-si** é propio das cousas e os animais, e caracterízase por ser algo difícil de definir e nomear, o ser é algo escuro. Trátase dun **mundo pechado** (que non pode cambiar nin converterse noutra cousa) e a súa falta de liberdade. É o dominio da **inmanencia**.

B) O **ser-para-si** é propio dos seres humanos e corresponde á **conciencia** que cada humano ten de ser absolutamente libre e de ser algo diferente ao ser-en-si (ás cousas e animais que non teñen a capacidade de decidir a súa vida, solo poden vivila). Nisto consiste a **transcendencia**, na posibilidade de devir e ser diferentes ao que somos, tomando libremente decisións, realizando o noso proxecto de vida. De aquí dedúcese a célebre frase do existencialismo: que **nos seres humanos “a existencia precede a esencia”**; mentres que **nos animais e as cousas a súa esencia precede a existencia**.

Se non podemos vivir libremente, pola nosa elección ou por imposición, convertémonos en seres “inmanentes” e experimentamos unha **“caída ontolóxica” (concepto tomado de Heidegger)** e **moral** que nos degradará a ser “cousas”.

A súa obra *O segundo sexo*, é considerada ineludible na historia do feminismo e encádrase na “segunda onda”. O **feminismo** tivo **3 ondas** ao longo da historia:

A) Primeira onda (s. XVIII e 1ª metade do XIX): reivindicou os mesmos dereitos civís ca os homes (dereitos legais ou “de iure”). Destacan Olympe de Gouges (Francia), Mary Wollstonecraft (Inglaterra) e Harriet Taylor (Inglaterra, parella de John Stuart Mill).

B) Segunda onda (s. 2ª metade do XIX e 1º terzo do XX) reivindican a igualdade non contemplados na lei, non legais, pero si “de facto” de feito: sexualidade, familia, traballo, dereito ao aborto etc. Destacan Clara Zetkin (política alemá de orixe xudeu), Clara Campoamor (avogada, escritora e política durante a 2ª República española), as “Sinsombreiro” (Xeración do 27) ou a francesa **Simone de Beauvoir**.

C) Terceira onda (2ª metade do século XX e comezos do XXI): adoptan o individualismo e diversidade e redefinir o que significa ser feminista. Destacan Betty Friedan (americana de orixe xudeu), Celia Amorós (valenciana) ou Amelia Valcarcel (madrileña afincada en Oviedo).

Así que Simone sitúase na segunda onda do feminismo ao reclamar a igualdade de facto e non só legal.

4.- A OBRA “O SEGUNDO SEXO”

Beauvoir é a interlocutora privilexiada de Sartre e comparte co seu compañeiro estes principios existencialistas, reinterpretándoos de forma orixinal para explicar a condición da muller, xa que na súa época dábase por feito que o status da muller era o dun ser-en-si fronte ao home, ser-para-si.

Ser muller non é algo dado unha vez para sempre, como a tradición cultural occidental sostiña de distintos xeitos. Non existe o “eterno feminino” (concepto do século XIX que mantén que as mulleres se definen por algunhas características naturais como: fragilidade, emotividade, irracionalidade, por seren coidadosas, dependentes, pasivas, frívolas etc.) que condena ás mulleres a un “destino biolóxico”. Beauvoir propónse desmontar estas crenzas e demostrar como a muller non é algo dado, un ser-en-si, senón un suxeito ao cal a milenaria tradición occidental está a impedir vivir a súa situación existencial de forma libre condenándoa á inmanencia (a ser un ser-en-si, un obxecto).

“Non se nace muller, chégase a selo”. Esta é a frase máis célebre de Beauvoir. Non existe unha **“esencia”** fixa da cal se derivan as características específicas da feminidade. A **identidade feminina é unha construción social** resultado da socialización diferenciada, e dunha **cultura chea de mitos e explicacións científicas, sociolóxicas e políticas falsas que a degradaron a ser xerarquicamente inferior ao home**.

Este é significado do título da súa obra máis influínte ***“O Segundo Sexo”***. A muller é segunda con respecto ao home que é o primeiro. “Home” é o termo que se utiliza para indicar ao **xénero humano**, polo tanto o ser humano é **masculino**. A humanidade defínese como home, a **muller é unha modificación de segunda clase del, o “Outro”**.

***“O Segundo Sexo”* divídese en dous volumes:**

A) Volume I titulado: **“Os feitos e os mitos”**

B) Volume II titulado **“A experiencia vivida”**.

A) No primeiro volume utiliza o **“método analítico-regresivo”** para reconstruír, mediante un percorrido histórico, cultural e científico, **os elementos que levaron á subordinación da muller**. Aplica o **test de androcentrismo** aos distintos discursos científicos e culturais hexemónicos (bioloxía psicanálise, materialismo histórico, mitoloxía, relixión...) e **demostra que o “eterno feminino” non é un derivado dos instintos e das hormonas (determinismo naturalista), senón unha construción cultural interesada**.

O sistema de dominación masculino (**patriarcado**) **negou á muller a posibilidade de actuar libremente, de transcenderse, degradándoa a un ser-en-si**. Esta subordinación é unha construción cultural ao servizo do patriarcado e avalada polos distintos discursos científicos e culturais hexemónicos.

B) No segundo volume ***“A experiencia vivida”*** utiliza o **“método sintético-progresivo”** para **analizar as vivencias actuais das mulleres nas diferentes etapas da súa vida**. Desde temperá idade as **mulleres son socializadas e condicionadas para adoptar un comportamento e un rol subordinados aos intereses do home**, ata converterse nunha figura estereotipada: a nai, a esposa, a prostituta, a virxe, pero tamén a mística, a narcisista, a namorada...

A “Experiencia vivida” remata co capítulo *“Cara á liberación”* onde Beauvoir expresa a **urxencia da “independencia económica”, unha “educación igualitaria” e a “loita colectiva”** para que as mulleres poidan saír da subordinación cara á autonomía.

“O Segundo Sexo” é un ensaio **antiesencialista** (“a feminidade non está colgada do ceo coma no Mundo das ideas de Platón”) e **antinaturalista** (a feminidade tampouco é “algo que segrega os ovarios”) e esta obra pode considerarse unha radicalización da **tradición feminista ilustrada** (François Poullain de La Barre, Olympe de Gouges, Mary Wollstonecraft) e **sufrajista** (Pankhurst, Cady Stanton) que mantiñan que **“o corpo das mulleres”** non é un obstáculo para o recoñecemento dos seus dereitos políticos e civís.

A ORIXE DO PATRIARCADO: LECTURA FEMINISTA DA DIALÉCTICA DO AMO E O ESCRAVO DE HEGEL

Hegel, filósofo alemán do século XIX, explica a relación entre amo e esclavo como unha relación **“dialéctica”**. A palabra “dialéctica” indica unha **relación dinámica de dúas ideas opostas ou contradictorias que deben ser superadas**. Trátase dunha especie de movemento circular que se esquematizou cos termos: tese, antítese e síntese. A filosofía de Hegel introduce esta hostilidade, opoición ou contradición **na conciencia mesma das persoas**. Esta idea de “dialéctica” foi **adoptada por Marx**, pero **invertendo o seu sentido “idealista” converténdoo en “materialista”**: para Marx a contradición (tese antítese) ocorre **entre burgueses capitalistas e o proletariado** que están en loita de clases e esta loita debe ser **superada na sociedade comunista (síntese)**.

Simone de Beauvoir utiliza esta idea hegeliana aplicándoa á relación histórica entre homes e mulleres, é dicir, para clarificar este tipo de relación “desigual” e “xerárquica” entre homes e mulleres. Beauvoir realiza unha relación entre os amos e os seus escravos, frecuente en sociedades pasadas. Escravizados pola forza, os escravos (as mulleres) recoñecen o poder do amo e danlle o seu traballo a cambio de protección (por parte dos varóns).

En liña co seu **pensamento anti-esencialista e anti-naturalista**, Beauvoir está convencida que o “patriarcado” non é un derivado da natureza masculina. Para explicar a súa orixe **volve utilizar as categorías existencialistas (tomadas tamén de Hegel) de ser-en-si e ser-para-si**, e tamén a **“dialéctica hegeliana do amo e o escravo”** (da que trata Hegel na súa obra mestra *“Fenomenoloxía do espírito”*) **aplicándoa á relación entre os dous sexos**.

Nas orixes da sociedade **os homes arriscan a súa vida nas expedicións de caza ou na guerra**. Nestas actividades perigosas saen da pura repetición da vida e transcéndena: **realizan o seu proxecto de liberdade**. Para o guerreiro a vida non é o ben supremo, senón que “debe servir a fins máis importantes ca ela mesma”. Así se acrecenta o seu “**prestixio social**” e impóñense os seus valores.

As mulleres, en cambio, limítanse a procrear e a coidar da casa e os fillos, actividades estas que son consideradas naturais. Son o seu “destino biolóxico” ineludible e obrigatorio. Non poden ser doutro xeito. Así, **as mulleres poden recibir protección dos homes, pero anúlase a posibilidade e a súa responsabilidade moral de construír o seu proxecto vital**.

As mulleres son reducidas a ser “corpo”, pero para Beauvoir, o corpo é corpo vivido –“é unha situación: é a nosa maneira de aprehender o mundo”-. e a maneira en que se vive depende do contexto cultural, de maneira que o factor cultural resulta decisivo para comprender as causas da opresión. Un percorrido histórico mostra a falta de oportunidades que a muller sufriu para desenvolver a súa liberdade, e como a Revolución Industrial do século XIX supón a incorporación da muller ao traballo e expón o problema da “conciliación entre traballo e maternidade”. O control do propio corpo será condición necesaria para asumir a independencia económica. Beauvoir entende que o seu momento histórico é unha etapa de transición, e que modificar a situación supón unha transformación cultural: deben producirse as consecuencias de tipo moral e social que a autonomía económica debe conlevar. Este novo contexto esixirá, ao seu xuízo, unha evolución “colectiva” que só será posible mediante unha educación igualitaria de mulleres e homes.

A CONSTRUCCIÓN DO SUXEITO MASCULINO E A “ALTERIDADE” FEMININA

Na dialéctica do amo e o escravo Hegel explica que a conciencia xorde do conflito co “Outro”. O suxeito afirmase cando se opón a alguén diferente a si. Ambas conciencias loitan por ser recoñecidas. Quen está disposto a arriscar a vida convértese no amo, que vai dominar ao escravo.

Beauvoir traslada esta figura á relación home-muller: arriscando a súa vida, o home mostra a súa superioridade e convértese no xenericamente humano, o humano por antonomasia. O traballo repetitivo das mulleres, asociado ás tarefas necesarias para a supervivencia da especie relégaas a un plano de inferioridade, dependencia e servidume. Por isto Beauvoir chega a afirmar que “a humanidade acorda a superioridade do sexo que mata e non do que da a vida”.

Esta situación enmárcase nun cadro interpretativo que coloca o cultural por enriba do natural, degradándoo e facendo que quede dispoñible para o dominio do varón.

O LEGADO DA OBRA “O SEGUNDO SEXO”

Co “*Segundo sexo*” xa convertido nun clásico, Simone de Beauvoir é unha das teóricas **feministas** máis importantes do século XX, e a primeira en abordar a condición da muller en Occidente dun xeito interdisciplinar.

A súa obra marcará nos anos 70 a denominada «segunda onda» do feminismo, e porá as bases da filosofía de xénero posterior ao diferenciar o sexo biolóxico -que nos vén dado ao nacer- do xénero como construción social. A cuestión do xénero, xunto coa súa valoración da maternidade como unha carga, algo opcional e non esencial para as mulleres, serán os temas de Beauvoir que suscitaron máis debate entre as autoras feministas posteriores.

Mentres no “*Segundo sexo*” a maternidade interprétase como unha desvantaxe para a muller, o “**feminismo da diferenza**” defende que é algo fermoso. As mulleres son distintas dos homes e non queren ser iguais a eles, senón obter os mesmos dereitos para que cada persoa, muller ou home, poida ser coma ela queira. Sería unha liberación social para todos, fronte ao desastre que suporía que as mulleres reproducisen o patriarcado e a represión para ser iguais aos homes.

O “**feminismo da igualdade**” entende que a construción social -imposta- do feminino e masculino debe dar paso a **unha sociedade que parta dun novo contrato social, onde ademais de existir igualdade xurídica de homes e mulleres, poida racharse o contrato sexual precedente**, que distorsionou a conciencia da humanidade ao crer que había un sexo superior, e permita preguntarse á humanidade e a cada persoa cal é o propio sentido e fin da vida.

En calquera caso, e a pesar das controversias que suscitou ao longo das últimas décadas, “*O segundo sexo*” é a base intelectual do feminismo contemporáneo.

TEXTOS DE SELECTIVIDADE:

TEXTO 1: SIMONE DE BEAUVOIR BEAUVOIR (texto 1) O segundo sexo vol I: “Os feitos e os mitos”

"(...) o que define dunha maneira singular a situación da muller é que, sendo como todo ser humano unha liberdade autónoma, descóbrese e escóllese nun mundo en que os homes lle impoñen asumirse como a Outra: preténdese fixala como obxecto e consagrala á inmanencia, xa que a súa transcendencia será permanentemente transcendida por outra consciencia esencial e soberana. O drama da muller é este conflito entre a reivindicación fundamental de todo suxeito, que se presenta sempre como o esencial, e as esixencias dunha situación que a constitúe como inesencial. Como se pode realizar un ser humano dentro da condición feminina? Que camiños lle están abertos? Cales conducen a unha rúa cega? Como atopar a independencia no seo da dependencia? Que circunstancias limitan a liberdade da muller e cales pode superar? Estas son as cuestións fundamentais que nos gustaría elucidar. Queremos dicir que, interesándonos nas oportunidades do individuo, non definiremos esas oportunidades en termos de felicidade, senón en termos de liberdade.”

BEAUVOIR, S.: O segundo sexo vol. 1: “Os feitos e os mitos”, Xerais, 2008, (pp:55-56). (trad. Marga Rguez. Marcuño, Revisión temático-filosófica África López Souto).

TEXTO 2: BEAUVOIR (texto 2) O segundo sexo vol II: “A experiencia vivida”,

"Non se nace muller, chégase a selo. Ningún destino biolóxico, psíquico, económico, define a imaxe que reviste a femia humana no seo da sociedade; é o conxunto da civilización o que elabora este produto intermedio entre o macho e o castrado que se cualifica de feminino. Só a mediación dos demais pode consituír a un individuo como un Outro. Namentres que a criatura exista só para si, non podería captarse como sexualmente diferenciada. Entre as nenas e os nenos, o corpo é, en primeiro lugar, p resplandor dunha subxectividade, o instrumento que efectúa a comprensión do mundo: eles apreheden o universo a través dos ollos, as mans, e non a través das partes sexuais.”

BEAUVOIR, S.: O segundo sexo (vol II: “A experiencia vivida”), Xerais, 2010, (p.13). (trad. Marga Rguez. Marcuño, Revisión temático-filosófica África López Souto)